

Concello de Ponteareas

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA GASTOS EN TERAPIAS ESPECIAIS PARA O CURSO 2025/2026 E AXUDAS DE APOIO AO ESTUDO PARA O CURSO 2026/2027 DESTINADAS AO ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN INFANTIL (4º, 5º e 6º), FP BÁSICA, CICLOS FORMATIVOS E BACHARELATO.

- Vistas as bases para para a concesión de axudas municipais para gastos en terapias especiais para o curso 2025/2026 e axudas ao estudo para o curso académico 2026/2027, con destino a familias con ingresos limitados e que non dispoñen de ningunha outra axuda para a adquisición de libros de texto e material escolar, asinadas polo concelleiro delegado de Ensino con data 14 de xullo de 2026, do seguinte literal:

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA GASTOS EN TERAPIAS ESPECIAIS PARA O CURSO 2025/2026 E AXUDAS DE APOIO AO ESTUDO PARA O CURSO 2026/2027 DESTINADAS AO ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN INFANTIL (4º, 5º e 6º), FP BÁSICA, CICLOS FORMATIVOS E BACHARELATO. CONVOCATORIA DO ANO 2026.

As axudas para gastos en terapias especiais 2025/2026 e axudas ao estudo contémpanse no marco da concellería de Ensino e terán carácter extraordinario e finalista.

As presentes Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais para gastos en terapias especiais 2025/2026 e axudas ao estudo para o curso académico 2026/2027, con destino a familias con ingresos limitados e que non dispoñen de ningunha outra axuda para a adquisición de libros de texto e material escolar, réxense polas seguintes bases normativas:

- O artigo 39 da Constitución Española establece a obriga dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.
- Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, que establece o dereito a unha educación que permita o desenvolvemento da personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e da convivencia de Galicia, que no artigo 8.2 lles atribúe aos concellos competencias en materia de protección ás familias, infancia e adolescencia no referente a actuacións directas no ámbito familiar, achegando recursos e prestacións ás familias que presenten aspectos carenciais.

BASES

1) OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias con ingresos limitados para o apoio ao estudo no curso escolar 2026/2027, estruturándose en dúas modalidades:

DECRETO
Número: 2026-2681
Data: 14/07/2026

Cod. Validación: 9E2DMEMX43LNG7KPCM56SFEX
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9



Concello de Ponteareas

- **LIÑA A:** Axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar didáctico.
- **LIÑA B:** Axudas para gastos derivados de servizos profesionais de apoio educativo ou terapias especializadas (Logopedia -AL-, Pedagogía Terapéutica -PT-, reforzo psicopedagóxico ou similares) para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Ambas liñas son **plenamente compatibles entre si** para unha mesma persoa beneficiaria. Estas axudas son incompatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de organismos públicos, comprometéndose a persoa solicitante a comunicarllo e reintegrarllo ao Concello nos casos en que proceda. Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

2) ORZAMENTO

- Presuposto máximo: O orzamento total e pechado para esta convocatoria ascende a **20.000,00 euros**, con cargo á partida orzamentaria 32000-4800800.
- Distribución e flexibilidade: Establecese unha asignación inicial de **12.000,00 € para a Liña A** e de **8.000,00 € para a Liña B**. No caso de que algunha das liñas non complete o gasto da súa contía asignada tras atender todas as solicitudes presentadas en prazo, o crédito sobranse **transferirase automaticamente á outra liña** ata completar o gasto total da partida de **20.000,00 €**.

3) TIPOLOXÍA E CONTÍA DAS AXUDAS

1. Gastos subvencionables:

Serán obxecto destas axudas os libros de texto e material escolar didáctico (**LIÑA A**) e os servizos profesionais de apoio especializado ou terapias NEAE (Logopedia, PT, reforzo especializado, etc.) (**LIÑA B**) para o alumnado de Educación Infantil (4º, 5º e 6º), FP Básica, Ciclos Formativos e Bacharelato. En ningún caso se incluírán nestas axudas prendas de vestir nin útiles de aseo.

2. Contía das axudas:

- **Contía por liña:** Establécese un importe máximo de **100,00 €** por cada liña de axuda (A e B).
- **Acumulación:** Un mesmo alumno ou alumna poderá percibir un tope máximo de 200,00 € sempre que presente xustificación de gasto suficiente para ambas modalidades (**ata 100 € en material e ata 100 € en apoio especializado**).
- **Límite do gasto real:** En ningún caso a axuda será superior ao gasto total xustificado mediante facturas. Se o importe das facturas fose inferior aos máximos establecidos, a axuda limitarase ao importe real do gasto.

DECRETO
Número: 2026-2681
Data: 14/07/2026

Cod. Validación: 9E2DME43JLNG7KPCW56SFEX
Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 9



Concello de Ponteareas

3. Criterio de prioridade por esgotamento de crédito:

Dado que o orzamento total de **20.000,00 €** é pechado e non susceptible de ampliación, as axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva atendendo ao **estricto orde de entrada das solicitudes no Rexistro do Concello de Ponteareas** (presencial ou telemático), sempre que cumpran cos requisitos económicos e técnicos esixidos nestas bases, e ata o esgotamento total dos fondos dispoñibles.

4. Vasos comunicantes entre partidas:

Establécese unha reserva inicial de crédito de **12.000,00 €** para a Liña A e de **8.000,00 €** para a Liña B. Se tras atender todas as solicitudes presentadas en prazo, unha das liñas non esgotase o crédito asignado, o remanente pasará automaticamente a financiar as solicitudes da outra liña que quedasen en lista de espera por orde de rexistro, ata acadar o obxectivo de execución do gasto total de **20.000,00 €**.

4) BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas as familias empadroadas no Concello de Ponteareas que teñan menores ao seu cargo, matriculados para o curso escolar 2026/2027 nalgún centro de ensino de Ponteareas en Educación Infantil (4º, 5º e 6º), FP Básica, Ciclos Formativos e Bacharelato, ou noutra localidade no caso de CF que non se impartan no municipio, para axudas de libros de texto e material escolar e que non dispoñan de ningunha outra axuda de organismo público. A persoa beneficiaria será un dos proxenitores ou titor/a legal do/a menor para quen se solicitan as axudas e poderanse conceder tantas axudas como número de menores teñan matriculados en Educación Infantil, FP Básica, Ciclos Formativos e Bacharelato.

5) REQUISITOS

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

1. Unidade familiar censada en Ponteareas.
2. Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en Educación Infantil (4º, 5º e 6º), FP Básica, Ciclos Formativos e Bacharelato nun centro escolar do Concello de Ponteareas no curso escolar 2026/2027, ou noutra localidade no caso de Ciclos Formativos que non se impartan en centros educativos do noso concello.
3. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Ter unha renda per cápita igual ou inferior a **11.000 € durante o ano 2025**. Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto a continuación nesta base da convocatoria.
5. Presentar a solicitude e documentación no prazo e forma legal establecido.

Renda per cápita

Enténdese por renda per cápita a renda familiar dividida entre o número de

DECRETO
Número: 2026-2681 Data: 14/07/2026

Cod. Validación: 9E2DME43JLNG7KPC4M56SFEX
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9



Concello de Ponteareas

membros da unidade computables.

Computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditada mediante certificación de invalidez ou pensión do organismo correspondente.

Nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo da renda per cápita os ingresos do agresor. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Si terá esa consideración o novo cónxuxe, ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar. Para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a Declaración do exercicio 2025 e a situación persoal e familiar a 31 de decembro dese ano. Non se terán en conta os fillos nados, adoptados ou acollidos despois desta data.

Sumaranse as rendas de todos os membros da unidade familiar, tomando os compartimentos da **base liquidable xeral** sometida a gravame e a **base liquidable do aforro** da Declaración da Renda do exercicio 2025.

De non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables durante o ano correspondente ao exercicio fiscal 2025. Deberán neste caso presentar certificación dos ingresos percibidos de empresa, organismo correspondente ou pensión alimenticia mediante sentenza de separación/divorcio ou convenio regulador.

Coa sinatura da solicitude a persoa solicitante declara, baixo a súa responsabilidade, que reúne o requisito de ingresos da unidade familiar que fai constar, e queda sometida ao réxime de infraccións e sancións a que se refire a base décimo segunda desta convocatoria.

Unidade familiar

Para os efectos previstos nesta convocatoria, e con referencia á situación familiar ao 31 de decembro de 2025, considérase que conforman a unidade familiar:

Os pais non separados legalmente e, de ser o caso, o/a titor/a, ou persoa encargada da garda e protección do menor. Terán a mesma consideración se non existe vínculo matrimonial.

Os fillos e fillas menores de idade, con excepción dos emancipados.

Os fillos e fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Os fillos e fillas solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

No caso de falecemento dalgún dos proxenitores, acreditarase tal circunstancia mediante un certificado de defunción.

Os casos de separación ou divorcio acreditaranse mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do menor. Se hai custodia compartida, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

DECRETO
Número: 2026-2681 Data: 14/07/2026

Cod. Validación: 9E2DME43JLNG7KPCW56SFEX
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



Concello de Ponteareas

En casos especiais, deberá achegarse o certificado de convivencia onde figure o/a alumno/a polo que se solicita a axuda e todas as persoas que convivan con el, ou o certificado dos Servizos Sociais do Concello de Ponteareas.

6) FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o modelo (Anexo I). Non se terán en conta as solicitudes presentadas fóra de prazo.

As solicitudes, presentaranse xunto coa seguinte documentación compulsada no rexistro de entrada ou copia orixinal para tramitación electrónica:

- 1) **DNI** da persoa solicitante, pasaporte ou NIE vixente.
- 2) **Libro de familia** completo ou documento oficial acreditativo dos membros da unidade familiar coa súa data de nacemento.
- 3) O concello consultará de oficio o **empadramento** familiar. Deberán ter data de alta anterior a un ano natural. No caso de non ser así, deberán acreditar o domicilio familiar mediante contrato de aluguer, escritura da vivenda ou algún recibo de subministracións (auga, electricidade, gas...). certificado de convivencia.
- 4) **Xustificante da matrícula** en calquera dos centros de ensino de Ponteareas, ou no seu caso, doutras localidades, ou a xustificación de reserva de praza.
- 5) Certificación do **grao de discapacidade** e/ou dependencia dos membros da unidade familiar recoñecidos como tales, no seu caso.
- 6) Declaración do IRPF do 2025.
- 7) **Certificación da conta bancaria** no que conste o código de conta do cliente, que deberá coincidir coa da persoa solicitante da axuda.
- 8) Declaración de non percibir, ou ter solicitadas, **outras axudas** coa mesma finalidade, de calquera organismo público.
- 9) Orixinal da **factura** ou factura proforma do gasto a realizar. As facturas teñen que ter os seguintes datos: número de factura, data de expedición, datos completos do emisor da factura e do solicitante da axuda, incluídos os números de identificación fiscal e o enderezo de ambos e a descrición da operación realizada con detalle cos impostos desagregados, (Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o

DECRETO
Número: 2026-2681
Data: 14/07/2026

Cod. Validación: 9E2DME43JLNG7KPCM56SFEX
Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9



Concello de Ponteareas

Regulamento do Imposto sobre o valor engadido). Para xustificar o pagamento as facturas deberán vir asinadas polo vendedor e co selo correspondente do establecemento.

10) De non ter presentada a Declaración da Renda do exercicio 2025, achegarse o **certificado de ingresos** da empresa empregadora. En caso de ser pensionista ou desempleado, presentarse o certificado do organismo correspondente.

11) Declaración de non atoparse en ningún dos supostos de **incapacidade** ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

12) **Certificados de estar ao corrente das obrigas fiscais** locais, autonómicas e estatais e coa seguridade social, e volver a presentalos de xeito inexcusable no momento en que se vaia a proceder ao pago da subvención. Ou ben autorizar ao concello para que obteña os ditos certificados.

13) **Para acollerse ás axudas para NAEA deben aportar xunto coa solicitude o informe ou certificado correspondente e as facturas que acrediten o gasto no curso 2025/2026.**

1. Informe do departamento de orientación do centro
2. Certificado de discapacidade
3. Informe médico ou clínico oficial

14) **Conceptos e requisitos das factruas a presentar para acollerse ás axudas NAEA**

- Conceptos:
 - Logopedia (AL)
 - Pedagogía Terapéutica (PT)
 - Apoio psicopedagógico
- Datas das sesións
- Datos do profesional ou centro:
 - Nome
 - NIF/CIF
 - Nº de colexiado
- Sinatura e selo
- Xustificación do pago

7) PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

As solicitudes presentadas remitiranse á Concellería de Ensino do Concello de Ponteareas onde se procederá a:

- a) Comprobar os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose o caso, requirir a emenda da solicitude ou documentación, de acordo co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento

DECRETO
Número: 2026-2681
Data: 14/07/2026

Cod. Validación: 9E2DME43JLNG7KPCW56SFEX
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 9



Concello de Ponteareas

administrativo común das administracións públicas, para que no prazo de 10 días naturais emende a falta, ou achegue os documentos requiridos, con indicación de que, de non facelo, terase por desistido da súa petición.

A tal efecto constituirase un órgano colexiado avaliador da Concellería de Ensino formado polas seguintes persoas:

- 1) Presidente/a: Técnico/a do departamento de Ensino ou persona en quen delegue.
- 2) Vogais: Persoa que se designe de administración do departamento de ensino.
- 3) Secretario/a: Funcionario/a auxiliar administrativo/a do concello.

Tal órgano reunirase en data fixada pola concellería de Ensino, previa convocatoria.

- b) Estudo e valoración de cada unha das solicitudes presentadas.
- c) **Tras isto, á concellería de Ensino presentará a proposta de resolución das axudas que se concederán. Esta proposta de resolución será remitida ao/a alcalde/sa.**

8) CONSENTIMENTOS E AUTORIZACIÓNS

O trámite das solicitudes require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos.

A concellería de Ensino publicará no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web, a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Tamén se incluírán as sancións que puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Tamén será necesaria a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que figuren na solicitude.

9) PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da provincia, na páxina Web, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas. Darase publicidade, ademais, nos distintos colexios e institutos da vila, así como ás ANPAS destes. Tamén estas bases remitiranse á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será quen lle de traslado ao BOPPO do extracto desta.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e finalizará o 30 de setembro de 2026. Non se terán en conta as solicitudes fóra de prazo. A xustificación deste prazo ven dada para dar oportunidade ao maior número posible de beneficiarios, e así facer

DECRETO
Número: 2026-2681
Data: 14/07/2026

Cod. Validación: 9E2DMEMX43LNG7KPCQM56SFEX
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 9



Concello de Ponteareas

coincidir a data co comezo do curso académico para o que se subvencionará o material.

10) RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES E RÉXIME DE RECURSOS

A alcaldesa aprobará, mediante Decreto no prazo de 60 días, a resolución das axudas en base á proposta da concellería de Ensino do Concello de Ponteareas. A relación de axudas concedidas será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas e na súa páxina web e individualmente a cada un dos solicitantes que perciban axudas, facendo constar o importe destas.

Contra a resolución adoptada na execución das presentes bases, poderase interpor recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes desde a data de publicación. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes desde a súa presentación non se obtivese resposta. Nese caso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

11) XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

A forma de pagamento será mediante transferencia bancaria na conta que determine a persoa solicitante.

Aboarase o importe concedido tras a comprobación da factura orixinal compulsada, presentada por parte da persoa beneficiaria no departamento de Ensino con anterioridade a publicación da resolución das axudas concedidas, no caso de ter feito o gasto.

Previa solicitude da/o interesada/o, a partir da publicación das listaxes definitivas, poderase anticipar o pago da subvención concedida, con carácter previo a xustificación, como financiamento necesario para poder adquirir os materiais obxecto da axuda, mediante resolución motivada, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da subvención. Tal como se establece no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro de 2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de 2007, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, 29.01.2009) no artigo 63º. Pagos anticipados, artigos 1 e 2.

A solicitude vira acompañada dunha declaración responsable co compromiso de presentar os xustificantes de realización efectiva do gasto que se subvenciona e do importe concedido, segundo modelo anexo, e deberán realizalo no prazo dun mes mediante factura orixinal ou compulsada e xustificantes de pago tal e como establecen as bases do orzamento.

De conformidade co artigo 34.4 da 38/2003 LXSE, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se solicitou a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarado en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar

DECRETO
Número: 2026-2681
Data: 14/07/2026

Cod. Validación: 9E2DMEMX43LNG7KPCM56SFEX
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9



Concello de Ponteareas

suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Estas solicitudes de pre pago, serán remitidas para a súa aprobación pola Xunta de Goberno, mediante proposta do/a concelleiro/a de Ensino, na que se farán constar o reflectido no apartado V punto V.2 da base 46 das bases de execución do orzamento municipal .

De acordo co estipulado na base 46. XII das bases de execución do orzamento municipal, a cantidade máxima que se anticipara correspondera ao 80% do importe adxudicado na subvención, eximindo aos solicitantes do anticipo, da presentación de garantía por tratarse dunha axuda con finalidade social.

12) REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

A concellería de Ensino do Concello de Ponteareas poderá requirirlle á persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente. Tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos consignados polas persoas solicitantes.

Procederase a devolución da axuda concedida, no caso de tela percibida, e implicara o impedimento da concesión dunha nova axuda por un período de dous anos, nos seguintes casos

- (a) Non xustificar a compra debidamente
- (b) Falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polas persoas solicitantes.

En todo o non previsto nas presentes bases serán de aplicación as normas básicas da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigos 36 e 37) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (artigos 91 a 94) e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (artigos 32 e 33) sobre causas de invalidez e réxime de reintegro das subvencións, réxime de infraccións e sancións en materia de subvención.

O que se fai público para os efectos de establecemento do prazo de presentación de solicitudes por parte das persoas interesadas, tal e como se recolle nestas bases.

Asdo.: María Nava Castro Domínguez
Alcaldesa de Ponteareas

DECRETO
Número: 2026-2681
Data: 14/07/2026

Cod. Validación: 9E2DME43JLNG7KPCM56SFEX
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

